

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Sebastián Martínez-Risco y Macías, de Manuel Puente, a Lois Tobío Fernández

Colección:

De:

Sebastián Martínez-Risco y Macías; Manuel Puente;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Bartolomé Mitre, 1263 (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

Destino:

José Benito Lamas, 2941 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Ficha descriptiva:

[Copia dunha carta transcrita, mecanografada, sen asinar e con membrete: MANUEL PUENTE. Remitente: Sebastián Martínez Risco. Destinatario: Manuel Puente. Sen Data].

Mencionados:

Aquilino Iglesia Alvariño; Florentino López Cuevillas; Xaquín Lorenzo Fernández; Ramón Otero Pedrayo; Isidro Parga Pondal; Conde de Quirós; Vicente Risco;

Notas do editor:

Trátase da transcripción dunha carta que lle enviara Sebastián Martínez-Risco a Manuel Puente e que este lle manda a Lois Tobío para que coñeza o seu contido sobre a elaboración dos textos para a Historia de Galiza.

Non consta a data de envío pero debeu ser a finais do ano 1961 ou nos primeiros meses de 1962.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Sebastián Martínez-Risco y Macías, de Manuel Puente, a Lois Tobío Fernández

Manuel Puente

COPIA DO ESCRITO POR DON SEBASTIAN MARTINEZ RISCO

“Despóis, e aparte de outras cousas que merescen trato mais axeitado e detido, informaréino de que fai xa días establecin contaito co noso común e admirado amigo Otero Pedrayo encol dos extremos de que vostede me falou, e que por refirirenses a Historia de Galiza, que vostede xenerosamente patrocina, teñen pra nos o meirande intrés, a saberen: parte de Prehistoria: mapa xeral, e parte do idioma. Do que Otero Pedrayo me di, podoo resumir istas noticias:

Que vostedes dispoñen xa de orixinaes para un ou dous volumes, de preliminares, cos materiaes seguintes:

Prólogo-Resume da Historiografía galega ... Otero
Esquema xeolóxico.....Parga
Esquema biolóxico Iglesias
Introdución xeográfica..... Otero
Etnografía e Folklore Risco e Lorenzo

De iste derradeiro traballo-etnográfico e folklórico dime Otero que e obra de primeira man, e que soio a súa publicación daría categoría internacional a Historia. Da súa Introdución xeográfica, engádeme que leva ilustración cartográfica e fotográfica.

Da parte da Prehistoria (materia de outro tomo), dime que está feita polo noso chorado Florentino L. Cuevillas, e fáltale samente a ilustración, que está facendo Xoaquín Lorenzo, inda que coa lentitude que lle impoñen as súas ocupacións. E que ista parte de Prehistoria irá cando se rematen as ilustracións.

Sobor do traballo do idioma, seica Iglesia Alvariño empezou outro, pro non fixo nada. Había que nomear outro redactor, encol de cuio punto escribiúlle Otero a Lois Tobío, indicando a Isidoro Millán, que o faría ben. Non embargantes, cree que isto non e impedimento pra saída dos preliminares, porque entende que o traballo da lingua pode ir na Alta Edade Meia, é decir, no comén de isa idade.

Díxome, en fin, que apurará o mapa xeral, aínda que sin coñecer o formato da obra, non poderá rematarse a confección. Que sobre isto escribe a Tobío, e que o seu xuício a ventaxe diste mapa e relativa, tendo en contra que o preliminar leva moitos mapas rexionaes e de comarcas.

Iso e todo o que podoo informarlle, amigo Don Manuel sobor do encárrago que me deu. Aledaréime de que as novas lle sexan úteis para botar a andar esa obra, tan agardada, verdadeira honra de Galicia e de vostede non dúbide en pedirme que lle amplie a información si o precisa. Cantas axudas lle prestemos con ise gallo, serán poucas.-“

[sen asinar]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.